

## DECRETO NÚMERO 16005886 DO 28/07/2016

Ilma. Sra. Dona Ana Prieto Nieto, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico.

Instruído o expediente relativo a: **MODIFICACIÓN DO DECRETO 16005538 RELATIVO Á CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO SAN FROILÁN 2016: POSTOS AVENIDA RODRÍGUEZ MOURELO (LOTE 1), POSTOS PRAZA MAIOR (LOTE 2) E POSTOS AVENIDA DR. GARCÍA PORTELA (LOTE 3) E POSTOS NA RÚA PURO CORA (LOTE 4). EXP. REF. 30-2016. APERTURA DE NOVO PRAZO DE LICITACIÓN**

Examinado o expediente e vistos:

1.- Decreto 16005538 de data 12 de xullo de 2016 polo que se aproba CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO SAN FROILÁN 2016: POSTOS AVENIDA RODRÍGUEZ MOURELO (LOTE 1), POSTOS PRAZA MAIOR (LOTE 2), POSTOS AVENIDA DR. GARCÍA PORTELA (LOTE 3) E POSTOS RÚA PURO CORA (LOTE 4). EXP. REF. 30-2016 así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

2.- Anuncio de licitación no BOP de Lugo num. 166 de 20 de xullo de 2016

3.- Informe da Sección de Cultura de 27 de xullo no que indica que existe un erro no prego de prescricións técnicas. Este informe é do seguinte teor:

**“ INFORME DA SECCIÓN DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA.**

Habiéndose cometido erro no Informe emitido por esta Sección de Cultura nas medidas dos Stands a instalar na Avda. Dr. García Portela e na rúa Puro Cora nas vindeiras Festas San Froilán 2016, prégase que se proceda á corrección dos mesmos no Prego e no Anuncio correspondente e onde dí :

3.- O número de stands modelo estándar a instalar na Avda. Dr. García Portela (miradoiro) é de 9 e as medidas dos mesmos serán: 300x270x250 ( largo, alto, fondo)..... **deberá dicir:**

**O número de stands modelo estándar a instalar na Avda. Dr. García Portela ( miradoiro) é de 9 e as medidas dos mesmos serán: 300x290x250 (largo, alto, fondo).**

4.- O número de stands modelo estándar a instalar na rúa Puro Cora, será de 32 e as medidas dos mesmos serán de 300x209x200 (largo, alto, fondo)..... **deberá dicir:**

**O número de stands modelo estándar a instalar na rúa Puro Cora, será de 32 e as medidas dos memos serán: 300x290x200 (largo,alto, fondo).....**

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1469690309484.doc

Asunto: modificacion DECRETO CONTRATACION ALUGUEIRO STANDS erro prego técnico.

Nova apertura

4.-Onde dí: O Prezo proposto é de 13.440,00€ + 2.822,40 (IVE 21%) total 16.226,40€  
**deberá dicir:**

**O prezo proposto é de 13.440,00 € + 2.822,40 (IVE 21% total 16.262,40”**

En consecuencia procede modificar o prego técnico no senso indicado no anterior informe e dado que este erro pudeira ter afectado á decisión das empresas interesadas acordar un novo prazo de presentación de ofertas.

Por todo o anteriormente exposto e tendo en conta as atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e o Acordo deste órgano número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016 RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a **modificación das prescripcións técnicas** que rexerán a licitación do procedemento para a CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO SAN FROILÁN 2016: POSTOS AVENIDA RODRÍGUEZ MOURELO (LOTE 1), POSTOS PRAZA MAIOR (LOTE 2) E POSTOS AVENIDA DR. GARCÍA PORTELA (LOTE 3) E POSTOS NA RÚA PURO CORA (LOTE 4) quedando redactadas como seguen:

“En cumprimento das resolucións adoptadas para as autorizacións de instalacións de postos de venda no recinto feiral (2016-2019) é necesario a contratación de stands coas seguintes características:

1.- O número de stands modelo estándar a instalar na Avda. de Rodríguez Mourelo será de 42. As medidas requeridas serán de 340x270x215 cm. (largo-alto-fondo) con cornixa decorativa de 33 cm. de 384x270 cm. con portón levadizo de entre 115/130 cm. e frontal inferior extraíble. O prezo proposto é de 21.840,00 € + 4.586,40 (IVE 21%) total 26.426,40 €.

2.- O número de stands modelo estándar a instalar na Praza Maior é de 13 e as medidas dos mesmos seran: 420x270x215 cm. (largo-alto-fondo) con cornixa decorativa de 33 cm. de 464x270 cm. e portón levadizo de 115 cm. e posibilidade de instalación de mostrador (a demanda do adxudicatario), máis cadro eléctrico, instalación eléctrica e consumo (1.100 w/caseta). O prezo proposto é de 8.450,00 € + 1.774,50 € (IVE 21%) total 10.224,50 €.

3.- O número de stands modelo estándar a instalar na Avda. Dr. García Portela (miradoiro) é de 9 e as medidas dos mesmos seran: **300x290x250 cm.** (largo-alto-fondo) con cornixa decorativa de 42 cm. de medidas 370x387 cm. con persiana de lamas de aluminio de seguridade. Estarán dotadas de instalación eléctrica, consistente en un punto de luz con interruptor para unha potencia máxima de 1.100 watos. O prezo proposto é de 4.410,00 + 926,10 € (IVE 21%) total 5.336,10 €.

4.- O número de stands modelo estándar a instalar na rúa Puro Cora será de 32 e as medidas dos mesmos serán: **300x290x200** (largo-alto-fondo) con cornixa decorativa de 42 cm. de 370x337 cm. con persiana de lamas de aluminio de seguridade máis cadro eléctrico e instalación eléctrica para unha potencia máxima de 1.100 wattios. O prezo proposto é de 13.440,00 e + 2.822,40 (IVE 21%) total 16.262,40 €.

5.- Materiais. Serán todos anti-incendio e poderían ser:

- Parámetros verticais: aluminio, pvc, madeira cor branco
- Chan de madeira, aluminio ou pvc
- Teito de aluminio, chapa metálica, pvc ou madeira
- Porta de acceso do mesmo material que os parámetros verticais e cor, con pechadura (excepto nos stands de lamas de seguridade).

6.- Os stands da Avda. Rodríguez Mourelo, deberán colocarse na calzada, na forma que figura no plano de distribución do feiral, a unha distancia aproximada do bordillo do paseo central dun metro, neste espazo é necesario colocar unha beirarrúa supletoria para salvar o desnivel que queda entre o bordillo e o stand. Esta beirarrúa será de madeira tratada e antideslizante ou de calquera outro material de características similares.

7.- Duración da instalación: do 24 de setembro ao 13 de outubro de 2016, ambos inclusive

8.- Inicio da montaxe: a partir do 24 de setembro, previo consulta no departamento municipal de cultura.

A desmontaxe: do 13 ao 17 de outubro.

9.- O pago do prezo final estará condicionado ao número final de stands instalados.

10.- Período do contrato: 2016-2017-2018-2019.”

**SEGUNDO.-** Publicar este Decreto no perfil do contratante así como no BOP de Lugo con apertura dun novo prazo de quince días naturais de presentación de ofertas.

Cúmprase